

Mapa escolar da antiga provincia de Betanzos na segunda década do s. XIX

PILAR MORANDEIRA ROEL*

INTRODUCCIÓN

Este traballo sitúanos no ano 1825, cando volta ó trono o Rei Fernando VII de Borbón, pechando o segundo período liberal (o *Trienio Constitucional*) que abarcara do 7-III-1814 (Fernando VII acepta a Constitución) ó 13-X-1823 (o Rei retoma definitivamente o poder).

Coa reinstauración da Monarquía volta tamén o absolutismo tradicional do Antigo Réxime. Detrás quedaba a laboura das Cortes de Cádiz, que no 1812 alumaran para España unha nova Constitución, que herdaba da Ilustración as súas ideas matrices. Ela presupuña un novo réxime político e unha nova sociedade onde as clases substituiran ós vellos estamentos. Pero a súa vida foi corta inicialmente (1812-1814, 1820-1823), aínda que a súa influencia deixárase notar máis tarde en boa parte do s.XIX e mesmo chega ata nós.

De momento, Fernando VII, axudado polos *100.000 fillos de San Luis*, a Nobreza e o Clero vence no 1823. E como ocorre sempre que se impón un réxime político sobre outro, os vencidos sofren depuracións. Estas "*fixéronse en varios frentes: no Exército, na Universidade e establecementos literarios, na Administración, ...*" (1) e nas escolas.

La realidad en España, aparte lo que hubiese de clandestinidad, es un régimen de terror, con el llamado Ministerio Universal de don Víctor Damián Sáez, con *desagravios al Santísimo Sacramento*, y otras lindezas, y la ejecución de Riego el 7 de noviembre de 1823. Pero ya en diciembre hubo que proceder a la formación de un verdadero ministerio, presidido por el marqués de Casa Irujo, con Luis López Ballesteros en Hacienda. A la muerte de Casa Irujo, el conde de Ofalia ocupó la presidencia, entrando en 1824 don Francisco Tadeo Calomarde en Gracia y Justicia. Con Calomarde tenemos ya la persecución sistemática, que llana todo el período, y, lo que es más sintomático, los métodos del secreto, delaciones e indefensión total del acusado, repiten los de la Inquisición, lo cual indica bastante la naturaleza del personaje y del sistema. La Inquisición, como tal, no fue restablecida, y los obispos crearon, para sustituirla, unos Tribunales de la Fe diocesanos, que todavía en 1826 dieron muerte en Valencia al famoso maestro Ruzafa, por practicar una especie de religión natural. Esta es la España trágica, cuyos ecos pasaban las fronteras (2).

* Pilar Morandeira Roel é mestra de E.X.B. no Colexio Público "Vales Villamarín" de Betanzos, diplomada en Ciencias Biolóxicas e licenciada en Pedagogía e Ciencias da Educación pola Universidade de Santiago de Compostela. Actualmente está a realiza-los cursos de doctorado.

(1) BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón. *Historia de Galicia IV, Edade Contemporánea*. Vigo, Galicia, 1981, p. 253

(2) GIL NOVALES, Alberto. "Política y sociedad". En: *Historia de España*, dirixida por Manuel Tuñón de Lara. Barcelona, Labor, 1982 (1ª ed. 1980), 2ª ed., v.7 (Centralismo, Ilustración y agonía del Antiguo Régimen), p. 307.

Para o réxime resucitado era preciso quitar dos postos de poder e de influencia social ós liberais: a súa supervivencia dependía diso. E para dar con eles, o Rei axúdase do Exército, da Policía e mesmo do Clero.

¿E o Pobo? ... En Betanzos (como no resto de España) o Rei ordena, a través do Secretario de Estado e do Despacho de Gracia e Xusticia, que lle sexa comunicada a relación de tódolos papeis pertencentes á Masonería, Comunería e Asociacións Secretas de calquera especie, así como a lista de individuos pertencentes á Milicia Nacional Voluntaria ou que integrasen as chamadas reunións patrióticas (3).

A resposta de toda a provincia de Betanzos foi absolutamente negativa en todas e cada unha das súas xurisdiccións ¿Non había nada, ou o pobo protexíase a si mesmo?

PLAN E REGULAMENTO XERAL DE ESCOLAS DE PRIMEIRAS LETRAS

Este Plan tamén se coñece como "Plan Calomarde" por ser este o Secretario de Gracia e Xusticia que o promoveu e asinou. Inspirado no modelo Escolapio, presenta notables influencias do "Informe Quintana" de 1813 no tocante á administración e implantación de escolas.

Consta de unha introducción e 19 títulos, desenrolados en 207 artigos ó longo de 48 páxinas. Cada título fai referencia a cada unha das variables que interveñen na escola de primeiras letras. Do seu significado fálanos Carlos Lerena (4):

"No el principio de la escuela obligatoria, sino el principio de la Iglesia obligatoria: este último es el que preside el campo educativo dentro de la sociedad española de esta larga época ... concibe la escuela



Don Francisco Tadeo Calomarde (1773-1842), Ministro de Gracia e Xusticia de Fernando VII desde 1824 (xa o fora desde 1815 ...) a 1833 e xefe do partido Ultrarrealista nese tempo. Foi responsable do axusticiamento de moitos e notorios liberais, polo que o tempo da súa xestión se coñece como a "ominosa década de Calomarde"). Pechou as universidades para abrir escolas públicas de tauromaquia e a el se lle adxudica o "Plan y Reglamenteo General de Escuelas de Primeras Letras" de 1825. Litografía da Biblioteca Nacional.

(3) 23-III-1824/24-IV-1826. "Reales Ordenes ... sobre La remesa de papeles pertenecientes á la Masonería, Comunería, y demas Asociaciones de origen Revolucionario; y tambien sobre la remesa de una copia literal de las Actas de Ayuntamientos Constitucionales, y Listas circunstanciadas de los individuos que han pertenecido a la Milicia Nacional Voluntaria con los que sirben Empleos públicos". Arquivo Municipal de Betanzos.

(4) LERENA, Carlos. *Reprimir y liberar*. Madrid, Akal, 1983, p. 336.

PLAN
Y REGLAMENTO GENERAL

DE
ESCUELAS DE PRIMERAS LETRAS,

APROBADO POR S. M.

EN 16 DE FEBRERO DE 1825.



MADRID EN LA IMPRENTA REAL
AÑO DE 1825.

INDICE

DE LOS TITULOS.

I.....	Escuelas y su clasificación.....	7
II.....	Materias y libros de enseñanza.....	9
III.....	Método de enseñanza.....	12
IV.....	Admisión de los niños en las Escuelas; días y horas de enseñanza, y su distribución..	17
V.....	Exámenes particulares y públicos.....	20
VI.....	Premios y castigos.....	22
VII.....	Oposiciones, exámenes, títulos, atestados y calidades de los Maestros de Escuelas....	23
VIII..	Pasantes y discípulos observadores.....	27
IX.....	Leccionistas y casas de pensión.....	28
X.....	Academias de Maestros y Pasantes.....	29
XI.....	Gobierno y dirección de las Escuelas.....	30
XII....	Junta Superior.....	30
XIII..	Juntas de Capital.....	32
XIV...	Juntas de Pueblo.....	34
XV...	Dotacion de las Escuelas y demas establecimientos mandados en este arreglo.....	36
XVI..	Jubilaciones, preeminencias y exenciones de los Maestros de primeras letras.....	41
XVII..	Policia de las Escuelas, y prácticas religiosas que han de observarse en ellas.....	42
XVIII.	Escuelas de niñas.....	45
XIX..	Medidas de ejecucion.....	47

Portada e índice do "Plan y Reglamento General de Escuelas de Primeras Letras". A.M.B.

primaria como instrumento de dominación ideológica complementario a la función educativa que desempeña el aparato eclesiástico ..."

O Rei expresao así:

"... mis paternales desvelos por la cristiana y esmerada educación de los niños me hacian desear la mejora de las Escuelas de primeras letras, donde todos recibieran la doctrina indispensable para que sean buenos cristianos y vasallos aplicados y útiles en las diversas ocupaciones y ministerios de la vida civil y religiosa ..." (5).

O PLAN E REGULAMENTO CHEGA A BETANZOS

Tal e como se indica no seu artículo 137, constitúese en Santiago a Xunta de Capital de vixiancia e inspección de escolas do Reino de Galicia.

Esta Xunta, para cumprir o encargo de levar á práctica o Plan e Regulamento, vese na obriga de "... valerse de la cooperación de las autoridades, Corporaciones y demás personas ilustradas que puedan contribuir a la completa ejecución del Plan..." polo que envía un escrito ó Concello de Betanzos (9-VII-1825) no que ademais de

(5) "Espediente comprensibo del Plan y Reglamento General de Escuelas de Primeras Letras, aprobado por S. M. en 16 de Febrero del presente año de 1825 de las Ordenes comunicadas en su razón y de lo en su virtud obrado por el M. Ylt^o Ayuntamiento de esta Ciudad de Betanzos pa[ra] su ejecucion y cumplimiento". A.M.B., serie: expts. e outros docs. relativos a escolas públicas.

darle conta da instalación da Xunta e dos membros que a forman, adxúntalle unha circular para que "V.S.S. se sirvan comunicarla a las Justicias y autoridades de esa Provincia a fin de tomar conocimiento del Estado en el que se encuentra la primera educación ..." Tamén se insta a que "en esa ciudad se forme la Junta del Pueblo con arreglo al artículo 147 del Reglamento General ..."

Art. 147. Habrá en cada pueblo una Junta Inspector de la Escuela ó Escuelas establecidas y se compondrá del Corregidor ó Alcalde mayor, ó primer Alcalde ordinario respectivamente, del Párroco, ó de los dos mas antiguos donde hubiere muchos, y del Procurador Síndico personero.

A circular enviada é sumamente interesante, porque nos ilustra do que lle interesa á Xunta da Capital e polo tanto ó Rei e ó seu Goberno (qué queren coñecer, por qué e para qué); de aí que se transcriba completa a continuación:

Habiendo S. M. (que Dios guarde) aprobado el plan y Reglamento general de Escuelas de primeras letras, que deberá ser uniforme en todas las Escuelas del Reino segun sus respectivas clases, y estando ya instalada la Junta de esta capital á la que pertenece la inspeccion y vigilancia de todas las Escuelas de la provincia sin perjuicio de la correspondiente á las juntas de Pueblo y demas Autoridades, á fin de cumplir en cuanto le sea posible con tan delicado encargo, desea que por V. se le comuniquen las oportunas noticias bajo los datos siguientes.

1º. Las escuelas serán de cuatro clases. A la primera pertenecen las que hayan de establecerse en Madrid, y en las capitales.

2º. A la segunda clase las que hayan de establecerse en los barrios de Madrid y en los de las capitales: las de las Ciudades ó Villas cabezas de partido, y las de todos los pueblos cuyo número de vecinos llegue á mil.

3º. Serán de tercera clase las Escuelas establecidas ó que se establecieren en los pueblos que cuenten de quinientos á mil vecinos.

4º. A la cuarta pertenecen las Escuelas de los pueblos de cincuenta á quinientos vecinos.

5º. Las Escuelas de Aldeas ó pueblos que no lleguen á cincuenta vecinos no se comprenden en estas clases, ni los Maestros estan sujetos á examen y á los sueldos señalados.

6º. Los libros por los que se dará la instruccion serán el Catecismo de doctrina que señale el Ordinario y ademas en las escuelas de 1ª, 2ª y 3ª clase el *compendio histórico de la Religión* de Pinton, ó por los interrogatorios del *catecismo histórico* de Fleuri.

7º. En las Escuelas de leer ademas de las cartillas fijas se adoptarán el *Silabario de la Academia de primera educación*; el *Caton del Colegio de profesores de primeras letras de Madrid* ó el *método práctico de enseñar á leer* por Naharro [sic.]

8º. Para la clase de lectura tanto en las Escuelas de leer como en las de escribir se señala el *Amigo de los Niños: lecciones escogidas, para los niños que aprenden á leer en las Escuelas Pias*, y las *Fábulas* de Samaniego.

9º. Para la Aritmética servirá el cuadernito titulado *lecciones de Aritmética para el uso de las Escuelas del sitio de San Ildefonso, y demas Escuelas Reales*, ó el que se titula *principios generales de Aritmética para el uso de las Escuelas pias de Castilla*.

10º. Para las lecciones de Caligrafía y Gramática castellana, método de enseñanza, y lo mas necesario, se observará lo prevenido en el Plan de Escuelas.

11º. Las Escuelas de 1ª y 2ª clase, se conferirán por oposicion rigurosa; y á las de 3ª y 4ª previo el correspondiente exámen de los que no tengan título del Consejo.

12º. Asi las oposiciones como los exámenes se harán por las juntas de Capital de provincia, entre tanto los Ayuntamientos ó Patronos, proveerán de maestros interinos.

13º. Los ejercicios de oposicion, exámenes y circunstancias de los pretendientes se harán según lo prevenido en el plan.

14º. Las censuras se remitirán á los Ayuntamientos á quienes toque la provision de las Escuelas.

15°. Se consideran como primeros fondos de dotacion las fundaciones y cualesquiera otras donaciones consagradas á este objeto, y se aumentarán cuando y como convenga con intervencion de las autoridades competentes, con aquellas fundaciones piasas que no estén dedicadas á objetos tan preferentes, como lo es la primera educacion.

16°. Igualmente lo serán todas las consignaciones hechas sobre Propios y Arbitrios, ú otros fondos públicos, con destino á Escuelas, y donde no alcanzaren, se señalarán las retribuciones que deberán pagar los padres de los niños.

Las dotaciones señaladas en el Plan son las siguientes.

Rs. vn.

17°. Dotación de maestros de primera clase en las principales y mas populares Capitales de provincia	5000
Idem de segunda y en los pueblos que pasen de mil vecinos	4000
Idem en los que no lleguen a este número	3300
Idem de los comprendidos en la 3ª	3300
Idem en la de 4ª si llegaren a cuatrocientos vecinos	1800
Idem si no llegasen á trescientos	1600
Si á doscientos	1500
Idem desde este último número al de cincuenta vecinos	1300

18°. En las Escuelas de mucho concurso de niños se señala un pasante ò ayudante por cada ciento de niños, los que deberán disfrutar su respectiva asignacion.

19°. No podrá haber en una misma Escuela niños de diferente sexo, y para las niñas se establecerán Escuelas cuyas maestras serán examinadas; las de 1ª y 2ª clase ante las Juntas de capital, y las de 3ª y 4ª ante las Juntas de sus respectivos pueblos.

La Dotacion de las Maestras será la siguiente.

Rs. de vellón

20°. Para las Maestras de primera clase en Madrid	3000
Para las de segunda	2000
Para las de Capital de primera	2000
Para las de segunda	1500
Para las de tercera	1000
Para las de cuarta	500

NOTA. A beneficio de las maestras quedará el de las labores de las Escuelas

21°. Subsistirán las Escuelas establecidas en los conventos de regulares, cuyos prelados nombrarán maestros instruidos y piasos á quienes visitarán residenciándolos, penándolos y premiándolos segun su mérito, los que gozarán de exenciones análogas á los que siguen las carreras de cátedra y púlpito.

22°. Ninguno podrá tener Escuela abierta sin haber sido examinado y obtenido título del Consejo, y los pasantes, no podrán dar lecciones particulares ó caseras sin certificado á lo menos de aprobacion prévio exámen.

23°. Bajo estas bases establecidas en el plan general aprobado por S.M. deseando esta junta plantearlo cuanto antes sea posible en todo el Reino de Galicia, ha acordado que V. la instruya de las preguntas siguientes.

24°. Cuantas escuelas de ambos sexos hay establecidas en la comprehension de su distrito, que dotacion tiene cada una, y que número de vecinos la villa ó pueblo en donde se hallen.

25°. Cuantas Escuelas faltan, que número de vecinos tiene el pueblo; y de que clase conviene establecerlas.

26°. Si hay alguna fundacion destinada á la primera enseñanza, con espresion individual de la clase de renta, y lo que podra valer reducida á dinero.

27°. Si hay alguna otra fundacion que no teniendo un objeto tan importante, pueda aplicarse á las Escuelas de primeras letras, y quien sea el patrono, ó autoridad, bajo cuya inspeccion esté para proceder con su conocimiento, y la anuencia correspondiente.

28°. Que Maestros y maestras son los que actualmente estan dando la enseñanza, su edad, título, nombramiento, conducta, religiosa y política, informando al mismo tiempo (ó separadamente con reserva á esta junta si así lo considerase oportuno) si podrán continuar, ó ser removidos para providenciar lo conveniente.

29°. Si los maestros estan examinados y aprobados, con título espedido por el Consejo, haciendo saber á los que no lo esten la obligacion que tienen de presentarse en esta Capital para ser examinados y solicitar el competente título. Los que lo tengan, deberán presentarlo en esta Junta ó á lo menos exhibir copia certificada y autorizada por Escribano y visada por el Juez: se exceptuan por ahora los maestros de los pueblos que no lleguen á cincuenta vecinos, en la forma que se espresa en el artículo 12 del plan.

30°. Si hay escuelas en los conventos de regulares de ambos sexos, y en los que no las tengan si podrán establecerse, atendiendo al número de individuos, localidad de los conventos y demas circunstancias que se estimen convenientes.

31°. Si se necesitan algunos egemplares de los libros arriba señalados, y por que número podrán suscribirse, para tenerlo presente en la reimpression que hará esta junta; en la inteligencia que procurará que los precios sean los mas equitativos.

Todas las espresadas noticias, y las mas que V. estime oportunas para ilustracion y conocimiento de esta Junta, se servirá V. remitirlas al Ayuntamiento de la ciudad de ese distrito, y pudiendo acompañar por separado un estado de las que se puedan comprender en él, será muy útil para la formacion del general de la respectiva provincia.

Santiago y Junta de Capital de vigilancia é inspeccion de escuelas del Reino de Galicia, Julio 9 de 1825

D. José Salelles
Regente Presidente

Dr. D. Tomas Lopez Rego
Canónigo Doctoral

Fr. Ramon Rodriguez

D. Miguel Lopez Manso

D. Bartolomé de Zárraga

Por mandado del Sr. Presidente
y Junta de Capital

Dr. D. Manuel del Rio Mondragon
Presbítero Racionero Secretario

O Concello de Betanzos envía a cada unha das xusticias (alcaldes maiores e menores, xuíces ordinarios, etc.) esta circular con obxecto de que a coñezan e instándolles a que "... dentro de seis días contados desde su recibo" remitan noticias en relación cos capítulos que van do 24 ó 31, ámbolos dous inclusive. As súas respostas constitúen un precioso achádego, posto que nos ilustran da realidade do ensino de primeiras letras na antiga provincia de Betanzos.

O ENSINO PRIMARIO NA PROVINCIA DE BETANZOS

Coas respostas que dan cada un dos xusticias das xurisdiccións, é posible artestrar un cadro e posteriormente un mapa de escolas nos que se vexa o número delas, a súa distribución xeográfica e outras características. É preciso ter en conta que cando se fai este inventario de escolas, o que se recolle é o estado inmediatamente anterior, é dicir, en todo caso refrexa a realidade á que se chegou coa aplicación do "Reglamento General de Instrucción Pública" de 1821, realizado polos liberais do Trienio. Este "Reglamento", base da "Ley Moyano" de 1857, permite a existencia dunha escola pública e outra privada, ordena a estrutura do sistema en tres grados ("primera", "segunda" e "tercera enseñanza") e afirma o principio da liberdade do ensino.

XURISDICCIÓN/Parroquias/dotación	Sexo	Nº de veciños e mestre
<p>ARES Dotada de 55 reais que xa hai anos que non se pagan. Son os pais quen pagan.</p>	2 de nenos e (?) de nenas	<p>383 v. Exercen os subtenentes retirados do Exército, sen título nin nomeamento (nin examinados nin aprobados); boa conducta moral e política</p>
<p>BETANZOS S. Salvador de Bergondo e o seu anexo</p>		<p>D. Francisco Xavier Rodríguez, non ten título e considérase de boa conducta moral e política</p>
<p>S. Esteban de Loureda Pagan os pais por non ter dotación</p>	Nenos	<p>40 v. D. Andrés Vázquez</p>
<p>S. Vicente de Moruxo Pagan os alumnos de 1ª clase 3 reais/mes os de 2ª 2 r./mes e os de 3ª nada</p>	Nenos	300 v.
<p>S. Esteban de Piadela Pagan os pais</p>	Nenos	<p>50 v. M. Sebastián Aguiar</p>
<p>S. Martín de Tabeaio</p>	Nenos	50 v., Fernando de la Cruz
<p>S. Pantaleón das Viñas Sen dotación, pagan os alumnos</p>	Nenos	<p>110 v. D. Andrés Espiñeira</p>
<p>CAAVEIRO Non hai dotación</p>	Nenos e nenas	<p>149 v. Fai escola algún "sugeto ineceto", que sabe ler e escribir.</p>
<p>CALLOBRE Pagan os pais</p>	1 en cada parroquia	<p>70 v. Dada por un home que sabe ler e escribir</p>
<p>CEDEIRA Pagan os pais, "en alguna otra parroquia de las 14 rurales que abarca la Xn. suele haberlas solo por temporadas, generalmente en los inbiernos, pagando así mismo los Padres de los muchachos al sugeto ó sugetos que se dedican a enseñar a leer y escribir" (fº 51)</p>	Nenos e nenas	<p>136 v. D. Luis García, non ten nomeamento nin título</p>
<p>S. MIGUEL DE CODESOSO Sen dotación</p>	1 sen especificar sexo	<p>55 v. D. Bartolomé Buján, de 67 anos, non ten título nin nomeamento; boa conducta moral e relixiosa</p>
<p>ESMELLE</p>	2 de nenos	

S. Juan de Esmelle		74 v.
S. Martín de Cobas		107 v.
Pagan os pais		D. Antonio Fernández Rivera e D. Bartolomé Díaz, sen título
FERROL		3000 v.
A vila de Ferrol está dotada con 3000 r. ó ano para o mestre e 1500 r./ano para o seu axudante	9 para nenos e mestre con título Mestres de nenos con título: -3 do "Real y Supremo Consejo" -2 do "Real Título de la Inspección General" -4 certificacións de exámenes requeridas pola Xunta da Capital de vixilancia. 14 mestras de nenas, sen título, pero de boa conducta	
LEIRO		
Sen dotación		Válense de homes "sin título" que saben ler e escribir
S. TIRSO DE MABEGONDO	Nenos	D. Andrés García
MÁNTARAS		
Pagan os pais		Fan escola os labradores que saben ler e escribir
MAÑÓN		
Pagan os nenos 2 reais de vellón	1 de nenos de xaneiro a marzo	
MIRAFLORES		
Guísamo. Pagan os pais.....	1 de nenos no inverno	
Osedo. Fundación: usufructo dunha casaña con horta e 2 pezas de terreo que podían valer 90 r/ano	1 de nenos e nenas.....	D. José Cordido, maior de 40 anos, sen título; boa conducta moral e política
Sada. Pagan os pais.....	1 de nenos e nenas.....	300 v. D. Antonio García, solteiro de 36 anos; boa conducta moral e relixiosa; sen título
MOECHE		
Pagan os pais		150 v. Escola estacional
MUGARDOS		
Sen dotación	Nenos e nenas	Ensinan particulares "sin título" e unha muller "inepta"
MUNIFERRAL		
2 parroquias		Ensino de labradores que saben ler e escribir. Hai dous por temporadas
NEDA		
Dotada con 200 ducados de Propios	1 de nenos.	356 v. D. José María con título do Bispo da diocese e nomeamento do Concello; boa conducta

política e relixiosa; non está
examinado nin aprobado.

Sta. MARTA DE ORTIGUEIRA Varias

OZA

Pagan os pais

Fan escola os labradores

PERBES

Pagan os pais o que poden, para que os
nenos aprendan a ler, escribir e doutrina 2 nenos

148 v.

Maestro e maestra, sen título
nin nomeamento; boa conducta
relixiosa e política

PONTEDEUME
Páganlle 3 reais ó día

1

Un mestre con título, aprobado
pelo "Congreso de Castilla".

PRUZOS

Fan escola os labradores por
temporadas

S. SADURNIÑO

1

121 v.

Stª Eulalia

1

70 v.

Pagan os pais

2 mestres na xurisdicción, sen
título; boa conducta

S. ESTEBAN DE SEDES

Estase a construír unha escola

1

160 v.

S. SALVADOR DE SERANTES

2

1 de nenos pagada polos pais: 3 r. por
alumno de ler, 4 r. polos de escribir e 5 r.
polos de contar.

1 de nenos dotada a través dunha obra pía de D. Miguel Cayetano

Romero co 8 ferrados de monte (40 r./ano) e 12 ferrados de terra (200 r./ano)

D. Pablo de Chao, sen título
nin nomeamento; boa con-
ducta política e relixiosa

SOBRADO

Pagan os pais, pero hai ademais unha
dotación de 1.100 r./ano máis horta,
casa e unha porción de labradío, que
da 200 r./ano. En total 1.300 r./ano

Nenos

50 v.

Nalgunhas aldeas hai labrado-
res que ensinan no inverno.
D. Ramón Torrado de 26 anos
ten título asinado por un escri-
bano; boa conducta moral e
política

VILACHÁ

1 sen especificar sexo

72 v.

XUBIA e agregados

Pagan os pais

2

296 v.

D. José Jumiela e D. José
García, sen título nin nomea-
mento, que teñen máis de 60
anos; boa conducta



☒ = 1 escola.

O gran número de escolas no Ferrol, 1 pública e 22 privadas, quizais se explique pola importancia do grupo militar que integraba a poboación e polo seu maior interese en educar ós seus fillos.

MAPA ESCOLAR DA ANTIGA PROVINCIA DE BETANZOS (década de 1820). Está realizado sobre o *Mapa de xurisdiccions...* de Alfredo Erias e Xoán Miguel González no seu traballo, "O marco xurisdiccional na antiga provincia de Betanzos" (*Anuario Brigantino* 1989, nº 12).

A cidade de Betanzos, cuns 4.000 habs. na época, non envía resposta a "circular" da Xunta de Capital ..., pero sabemos que tiña, polo menos, unha escola mixta de primeiras letras con un mestre e moitos alumnos (no 1821 citanse 170), costeada cos fondos de propios.

Do mesmo xeito que aparece na relación de escolas do arcebispado de Santiago de 1849 (5), tamén aquí existe unha grande diversidade no tocante ás súas características. Así, polo que respecta ó seu estado económico, hai tres tipos de dotación, aínda que os tres coinciden na precariedade de medios. Sobre este asunto o "Reglamento General de Instrucción Pública" do 29-VI-1821 di o seguinte:

Art. 126. Si después de reunidos en cada provincia todos estos fondos aún resultase un déficit para costear los establecimientos prescritos en este nuevo plan, el Gobierno, tomando los correspondientes informes, propondrá a las Cortes el modo de cubrir dicho déficit, procurando en cuanto sea posible arreglarse al plan general establecido para todas las contribuciones del Estado.

Nun primeiro tipo estarían aquelas escolas que se sostían cos denominados "*fondos de propios*", é dicir, que se pagaba con fondos públicos. Neste caso atópanse as da **vila de Ferrol**, dotadas con 3000 réas ó ano para o mestre e 1500 para o seu axudante.

A de **Neda** que estaba dotada con 200 ducados tamén de propios.

Mención aparte merece a escola de **Ares** que, estando dotada con 500 reais, xa fai moitos anos que estes non se pagan por non haber fondos e na data quen pagan son os pais.

Nun segundo tipo de escolas estarán aquelas que teñen unha dotación de cartos e casa ou terras de labradío. Neste caso atópanse a de **Sobrado**, cunha dotación de 1.100 réas ó ano, unha horta e unha porción de terra labradía, que lle reportan uns beneficios de 200 reais ó ano. Así vemos que o total de dotación desta escola son 1.300 réas ó ano. **San Salvador de Serantes**, onde hai unha escola de nenos cunha dotación de 12 ferrados de terra labradía que lle reportaban 200 réas ó ano máis 8 ferrados de monte. Estas propiedades foran donadas polo cura da parroquia, D. Miguel Cayetano Romero para que se destinaran ó ensino de primeiras letras. Tamén foron donación dun cura para a escola, as propiedades da parroquia de **San Xulián de Osedo**, consistentes nunha casaña con horta e dúas pezas de terra que podían render 90 réas ó ano.

Caso especial é o de **San Estevo de Redes** donde un cura donou a renda de dúas mitades de casas na Vila de Ferrol. Esta renda en cartos e variable e empregase para facer o edificio que acollerá a escola.

A un terceiro tipo pertencerían aquelas escolas que tiñan que soste os pais dos nenos, por non haber fondos públicos para ese fin. Neste caso atópanse as seguintes XURISDICCIONS e parroquias: BETANZOS (Loureda, Pielada, Bergondo e o seu anexo Moruxo, S. Pantaleón das Viñas...), CEDEIRA (vila de Cedeira), MUNIFERRAL, CAAVEIRO, PERBES, LEIRO, VILACHA, CALLOBRE, MANTARAS, PRUZOS, ARES, MABEGONDO, MUGARDOS, PONTEDEUME, FERROL, CODESOSO, ORTIGUEIRA, ESMELLE, XUBIA e agregados, MIRAFLORES (Sada e Guísamo), MAÑON, OZA, SERANTES, S. SATURNINO e MOECHE.

Non se atopou ningún caso de escola "privada" na que se pagara ó mestre con "ferrados de produto agrícola" (*escolas de ferrado*) (6).

(5) BARREIRO FERNANDEZ, Xosé Ramón. *Op. cit.*, p. 201

(6) DE GABRIEL FERNÁNDEZ, N. "As escolas de ferrado na Galicia do século XIX". En: *III^{as} Xornadas da Historia de Galicia (Sociedade e movemento obreiro en Galicia)*, Ourense, Deputación, 1986.

E ¿qué pasa nos pobos onde os pais non poden pagar? Pois evidentemente non haberá escola.

Imos ver, nesta liña, cantas escolas reclama o pobo e por que non as tiña.

Xns. e parroquias que reclaman escola	Clase de escola reclamada	nº de veciños
ARIES	1 para nenos e 1 para nenas	383 v.
BETANZOS		
S. Vicente de Armea	1 para nenos, de 3ª clase	50 v.
S. Salvador de Bergondo e o seu anexo	1 para nenos, de 3ª clase	300 v.
S. Pedro de Borrifáns	1 para nenos	Menos de 50 v.
"Samamed de Bragad" e Partido		
S. Martiño de Bravío	1 para nenos	Menos de 30 v.
S. Xulián de Cabanas	1 para nenos	Menos de 50 v.
de Cesuras	1 para nenos	Menos de 50 v.
Stª Aia de Cañás	1 para nenos	Menos de 50 v.
S. Salvador de Cecebre	1 para nenos, de 3ª clase	60 v.
S. Salvador de Cerneda	1 para nenos	Menos de 24 v.
S. Nicolás de Cines	1 para nenos	Menos de 50 v.
S. Xulián de Coirós	1 para nenos	Menos de 50 v.
S. Salvador de Colantres e o seu anexo		
Stª María de Cortiñán	1 para nenos, de 3ª clase	Menos de 50 v.
S. Estevo de Cos	1 para nenos	Menos de 50 v.
Stª María de Cuiña e o seu anexo		
Stª María de Cullergondo	1 para nenos	Menos de 50 v.
S. Estevo de Vivente	1 para nenos, de 4ª clase	50 v.
Stª Aia de Espenuca	1 para nenos	Menos de 50 v.
Stª María de Figueiredo	1 para nenos	Menos de 50 v.
S. Miguel de Figueiroa	1 para nenos	Menos de 40 v.
S. Pedro de Filgueira de Barranca	1 para nenos	Menos de 50 v.
Stª Aia de Leiro	1 para nenos	Menos de 36 v.
S. Salvador de Limiñón	1 para nenos	Menos de 50 v.
S. Xulián de Mandaio	1 para nenos	Menos de 50 v.
Santiago de Meangos	1 para nenos	Menos de 50 v.
Stª Cruz de Mondoí	1 para nenos	Menos de 50 v.
S. Vicente de Moruxo	1 para nenos, de 3ª clase	300 v.
S. Andrés de Obre	1 para nenos	Menos de 33 v.
Stª María de Ois	1 para nenos, de 4ª clase	Menos de 50 v.
Santiago de Ois	1 para nenos	Menos de 50 v.
S. Estevo de Piadela	1 para nenos	Menos de 50 v.
S. Pedro de Porzomillos	1 para nenos	Menos de 50 v.
Stª María de Presedo	1 para nenos	Menos de 20 v.
Stª Aia de Probaos	1 para nenos	Menos de 50 v.
S. Estevo de Quintas	1 para nenos	Menos de 30 v.
Santiago de Requián	1 para nenos	Menos de 100 v.
Stª Mariña de Rois	1 para nenos	Menos de 50 v.
"Santomé de Salto"	1 para nenos	Menos de 50 v.
Stª María de Sarandóns	1 para nenos	Menos de 50 v.
Stª María de Souto	1 para nenos	Menos de 50 v.

S. Martiño de Tiobre	1 para nenos, de 4ª clase	Máis de 50 v.
S. Salvador de Trasanquelos	1 para nenos	Menos de 50 v.
S. Vicente de Vigo	1 para nenos	Menos de 50 v.
"Santomé de Vilacoba"	1 para nenos	Menos de 50 v.
S. Salvador de Villosás	1 para nenos	Menos de 110 v.
S. Pantaleón das Viñas	1 para nenos	Menos de 110 v.
S. Pedro das Viñas	1 para nenos	Menos de 50 v.
S. Salvador de Vións	1 para nenos	Menos de 36 v.
S. Pedro de Vizoño	1 para nenos	Menos de 20 v.
S. Pedro Fiz de Vixoi	1 para nenos, de 3ª clase	Menos de 67 v.
BRIVES	1	50 v.
CEDEIRA	1 de 4ª clase	136 v.
CODESOSO	1 escola, de 4ª clase	55 v.
DONIÑOS	1 para ambos sexos	poucos veciños
FILGUEIRA	1 para ambos sexos	poucos veciños
LEIRO	1 ou 2 para nenos	150 v.
MANDIÁ	1 para ambos sexos	poucos veciños
MAÑÓN	1 para nenos	200 v.
MEROI	1 de 3ª clase e 1 de 4ª	343 v.
MIRAFLORES		
S. Andrés de Carnoedo	1 de 4ª clase	70 v.
Stª Marfa de Guísamo	1 de 4ª clase	
S. Xoan de Lubre	1 para nenos	60 v.
S. Martiño de Orto	1 para nenos	40 v.
S. Xoan de Ouces	1 para nenos	80 v.
Stª Marfa de Sada	1 de 4ª clase	300 v.
S. Xulián de Sergude	1 para nenos	48 v.
MOECHE e agregados	1 en cada parroquia	50 v. por parroquia
MUGARDOS	1 para nenos e 1 para nenas	333 v.
MONFERO		
S. Pedro de Buriz	1	84 v.
Stª Marfa de Labrada	1	72 v.
S. Pedro Fiz de Monfero	1	300 v.
Stª Xuliana de Monfero	1	42 v.
Stª Marfa de Xestoso	1	280 v.
NARAHIO		
S. Paio de Ferreira	1 para nenos	50 v.
Stª Marfa de Iglesiafeita	1 para nenos	80 v.

S. Xulián de Lamas	1 para nenos	118 v.
Stª Marfía de Narahío	1 para nenos	102 v.
Stª Marfía de Recemel	1 para nenos	125 v.
ORTIGUEIRA	varias	
PARADA	1 para nenos, de 4ª clase	200 v.
PEDROSO	2 escolas	219 v.
STA. CECILIA DE TRASANCOS	1 para nenos e 1 para nenas	65 v.
S. MATEO DE TRASANCOS	1 para ambos sexos	
SEDES	1 para nenos	160 v.
SOBRADO	necesítanse escolas nas parroquias	menos de 50 v. por parroquia
TRASANCOS	2 ou 3 escolas para nenos e nenas	500 v.
VAL	1 para nenos e 1 para nenas	140 v.
XUBIA e agregados		
S. Martiño de Xubia	1 para nenas	209 v.
Caranza	1 para nenas	87 v.

En todos estes pobos faise a aclaración de que aínda que se precisa escola, non hai fondos públicos para sostela. Haberá que ver que pasou ó entrar en vigor o Plan e Regulamento de 1825, tendo en conta as prerrogativas que nel se lle conceden á Igrexa.

A presenza relixiosa no ensino ata 1825

Nesta data hai na provincia de Betanzos 7 conventos e en ningún deles se constata a existencia de escolas. Na xurisdicción de **Betanzos**, en Santiago de Requián, "*no hay en dicha parroquia Convento alguno mayor del de las Cascas perteneciente a Santa María de Sobrado*". En **Monfero** sinálase que si podería haber escola, por ter moita renda e pouca comunidade. En **Ares** existe o convento de relixiosos terceiros de Montefaro (franciscanos) no que tamén se indica que podería establecerse unha escola. Na xurisdicción de **Sobrado** atópase o convento de San Bernardo, no que tamén se podería (dise) establecer unha escola, xa que conta con moitas rendas e os monxes teñen unha boa preparación intelectual. En **S. Martín de Xubia** e agregados está o priorato de Xubia, da Orde de S. Bieito, no que non se podería establecer ningunha escola por falta de persoal, posto que só conta cun prior e cun cura. En **S. Sadurniño** hai un convento de dominicos no que non se podería establecer escola,

por non haber "disposición". E, por último, na xurisdicción de Ferrol está o convento de S. Francisco, no que non hai escola nin se especifica se a podería haber ou non.

Material escolar

Polo que respecta ós libros que según a circular se deben empregar (capítulos 6, 7, 8 e 9), os datos recollidos indican que só en dúas escolas se precisan libros e que si se poden costear. Estas escolas son: a da parroquia de Sada (xn. de MIRAFLORES) e a da xn. de MEROL.

No resto dos casos indícase que, ou ben non se precisan por non poder costea-los, debido á pobreza dos veciños que se dedican á agricultura traballando a maior parte terras alleas, ou ben non se precisan simplemente por non haber escola.

Non se fai alusión algunha á existencia de ningún outro tipo de material escolar nin tampouco ó estado dos edificios que as albergan.

Materias de ensino

Reglamento General de Instrucción Pública [1821]

Art. 12. En estas escuelas, conforme al ... artículo 366 de la Constitución, aprenderán los niños a leer y escribir correctamente, y asimismo las reglas elementales de aritmética, y un catecismo que comprenda brevemente los dogmas de la religión, las máximas de buena moral y los derechos y obligaciones civiles.

Os nenos, pois, aprendían a ler, escribir, doutrina cristiãna e contas. As nenas aprendían a ler, coser, calcetar, bordar, planchar e doutrina cristiãna.

Estes datos non aparecen reflexados na totalidade das escolas, pero, con toda probabilidade, pódense xeralizar. Nembargantes, é posible que houbera algunha diferenza entre as escolas de núcleos importantes de poboación (Betanzos, Ferrol, ...), onde se ensinarían todas estas materias, e as escolas rurais, nas que se incidiría nalgunhas samente. Así, temos o exemplo da escola do coto de Perbes, na que se constata que só se ensinaba ler, escribir e doutrina cristiãna; na de Cedeira "*en alguna otra parroquia de las catorce rurales que abarca la jurisdicción, suele haberlas sólo por temporadas, generalmente en los inbiernos, pagando asimismo los Padres de los muchachos al sugeto o sugetos que se dedican a enseñar a leer y escribir*" (f° 51). No coto de Leiro e no de Calobre indícase que fan escola homes que saben ler e escribir, do que se deduce que só iso poden ensinar.

Escolaridade por sexos

No que respecta á escolaridade por sexos, de estas 60 escolas, 27 son para nenos, 16 para nenas, 5 para os dous sexos e no resto non se especifica nada. Hai que sulñar, pois, o maior número de escolas para nenos, quizais debido a que se consideraba máis importante que o neno aprendera a ler e escribir, xa que o papel tradicional da muller está ligado ás labouras da casa (e tamén do campo), sen ter que *enfrentarse ó mundo*, como aínda hoxe se di en ambientes campesiños.

CONCLUSIONES

Á vista dos resultados pódese dicir que na antiga provincia de Betanzos había en 1925 algo máis de 60 escolas (tendo en conta que en S^{ta} Marta de Ortigueira

indícase que hai escolas, pero sen máis especificacións), número moi pouco elevado, xa que existen unhas 270 parroquias.

O número de veciños destas parroquias varía desde os 40 de San Esteban de Loureda na xn. de Betanzos ós 3000 da xn. de Ferrol e a Graña. Tendo en conta que no capítulo 5º da circular non se contemplan as escolas dos pobos de menos de 50 habitantes (aínda que se menciona nas respostas a de Loureda, que ten só 40), non se teñen datos destas parroquias pequenas, aínda que o máis probable é que non tiveran ningún tipo de escola.

Das 60 escolas documentadas, en 10 (xurisdiccións de Muniferral, Leiro, Callobre, Mántaras, Pruzos, Caaveiro, Mugaridos, Sobrado, Oza e Moeche) ensinan persoas do pobo que saben ler e escribir sen máis. Segundo se especifica, correntemente son labradores, cousa normal, tendo en conta que a gran maioría da poboación se dedica ós traballos do campo.

Hai 6 escolas temporais que soamente funcionan nos meses do inverno (xurisdiccións de Muniferral, Pruzos, Sobrado, parroquia de Guísamo da xn. de Miraflores, Mañón e Moeche). Este feito explícase perfectamente se pensamos que é neses meses cando a xente se recolle máis nas casas ó mesmo tempo que diminúen os traballos da labranza. Porque despois, na primavera, verán e outono, hai moito que traballar e os rapaces son man de obra por tradición secular: non poden ir á escola e, polo tanto, ésta pecha.

A pesares da carencia de datos para a franxa de parroquias que baixa de 40 habts., si se pode dicir que nas documentadas ningunha está rexida por clérigos, polo menos neste tempo ¿Podería pensarse que como resultado da aplicación deste plan o ensino primario se clericalizou no futuro? É moi probable, pero en todo caso haberá que

verificalo.



Escola no adro dunha igrexa. Grabado de "La Ilustración Gallega y

Asturiana", t. II, Madrid, 28-VIII-1880, n.º 24.